

ANEXO IV

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS

D/Dª. con NIF ,
 no seu nome ou en representación da entidade ,
 con CIF e enderezo en

DECLARA

- Que non solicitou e non se lle concederon axudas para esta finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas para esta finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas como se indica a seguir:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. En caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

, de de

(Sinatura do/a representante da entidade solicitante)

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para o ano 2009 do réxime de concesión de subvencións a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.

O desenvolvemento sustentable é o piar sobre o que se ten que levar a cabo calquera iniciativa.

O sexto programa da Unión Europea en materia de ambiente ten como título: Ambiente 2010: o futuro está nas nosas mans; a liña estratéxica que define para cumprir os obxectivos propostos nel, indica que para poder resolver os problemas ecolóxicos actuais cómpre superar a concepción exclusivamente lexislativa e adoptar un enfoque estratéxico para inducir os cambios necesarios nos modelos de produción e consumo.

Conforme cos criterios establecidos neste programa débese impulsar o desenvolvemento dun mercado máis respectuoso co noso ambiente para que as empresas situadas no territorio de Galicia, que cumpren coas normas ambientais, co obxectivo de protexer e mellorar a calidade ambiental, respondan con innovacións tecnolóxicas e de xestión que estimularán o crecemento, a competitividade, a rendibilidade e a creación de emprego.

Dispónse de instrumentos e medidas para influír sobre as decisións que toman as empresas, impul-

sando o establecemento de actuacións para minimizar e reducir as emisións das instalacións industriais na atmosfera, a auga e o solo que permite alcanzar un maior nivel de protección do ambiente, considerado no seu conxunto, e en particular en Galicia.

Para a consecución destes obxectivos ambientais, tendo como base a experiencia de anos anteriores, e para promover a utilización das mellores técnicas dispoñibles, a Administración autonómica de Galicia, no ámbito das súas competencias, pode establecer instrumentos de carácter económico e medidas de incentivos.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola que se regula o réxime xurídico xeral de subvencións outorgadas polas administracións pública, establece uns preceptos básicos nesta materia.

Pola súa parte, a Lei 9/2007, do 17 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de establecer unha regulación coherente coas peculiaridades da organización da comunidade e dos seus mecanismos de financiamento, e ao abeiro da regulación establecida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, regula o réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como as entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes dela.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, consciente da importancia que supoñen as melloras ambientais ás empresas galegas que realicen investimentos encamiñados á prevención e

redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e a produtos, e reutilización ou valorización non enerxética, establece unha liña de subvencións para a súa implantación e mantemento.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en relación cos artigos 27.30º e 30 do Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto a concesión de subvencións a empresas que realicen investimentos para novas instalacións, ampliación ou modificación das existentes, para o fomento da protección do ambiente, co fin de minimizar a contaminación sobre o medio, e obter melloras ambientais a través de cambios tecnolóxicos nos procesos, produtos ou nas materias primas, na súa utilización, e reutilización en fábrica dos residuos xerados, conforme os principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, igualdade e non discriminación, regulada na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, de subvencións de Galicia.

2. Estas subvencións concederanse para a realización de investimentos en instalacións para a prevención e redución da contaminación do ambiente.

3. Serán susceptibles de subvención as actuacións comezadas a partir do 3 de novembro de 2008 e que poden rematar no ano 2009 ou no vindeiro 2010. En todo caso, estas actuacións deberán estar executadas na súa totalidade ou, polo menos, nalgunha fase antes do 31 de outubro de 2009. As plurianuais que se desenvolvan durante o ano 2010, deberán estar finalizadas antes do 31 de outubro de 2010.

4. Esta orde acóllese ao establecido no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006).

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse a estas subvencións as empresas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Unha empresa con personalidade física ou xurídica que reúna as condicións seguintes:

-Que empregue a menos de 250 traballadores.

-Que teña un volume de negocios inferior a 50 millóns de euros ou un balance xeral inferior a 43 millóns de euros.

-Que non estea participada nun 25% ou máis do seu capital por unha empresa que non cumpra os requisitos anteriores.

- Que teña suficiente capacidade para obrar e non estar inhabilitada para a obtención de subvencións públicas ou para contratar co Estado, comunidades autónomas e outros entes públicos.

b) Ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia e materializar o proxecto obxecto de subvención no ámbito territorial de Galicia.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Non ter contraídas débedas coa Xunta de Galicia.

e) Non ter ningunha sanción imposta mediante resolución en firme en materia ambiental, no último ano.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións previstas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Solicitudes e prazos.*

1. As solicitudes, coa súa documentación necesaria, poderase presentar na forma elixida de entre as que se detallan:

a) Presentación en soporte papel. As empresas deberán solicitar as axudas segundo o modelo normalizado que figura como anexo I desta orde. Estas solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as solicitudes de subvención presentaranse preferentemente no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Santiago de Compostela, ou no das respectivas delegacións provinciais. Poderán obter os modelos de solicitudes na páxina web desta consellería <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>. Estes modelos valerán tanto para a presentación en papel coma para a presentación telemática. Co fin de facilitar a súa formulación, as ditas solicitudes poderán cubrirse directamente nos formularios publicados na páxina web, imprimíndoos posteriormente para os efectos da súa presentación. Así mesmo, tamén poderán cubrirse á máquina ou á man, pero, neste último caso, con caracteres lexibles.

b) Presentación telemática. Aqueles solicitantes que posúan certificado dixital baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, poderán presentar a solicitude, coa documentación necesaria que se sinala, transmitíndoa por vía telemática ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante a dita sinatura electrónica avanzada, no enderezo da internet <http://www.xunta.es/rexistro-telematico>. Neste caso, os solicitantes formularán unha declaración responsable de que os documentos escanados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que lle poida ser requirida a exhibición do documento orixinal en calquera momento do procedemento. O representante legal que formule presentación telemática deberá posuír o dito certificado orixinal.

2. Para calquera das formas de presentación, o prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e se esta non reunise os requisitos exixidos, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixese, se considerará desistido da súa petición, arquivándoa sen máis trámite, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-Documentación xeral que hai que presentar.

Coa solicitude, que se indica no anexo I, achegaranse os seguintes documentos:

1. Acreditación da personalidade (orixinal ou copia compulsada, por notario ou persoal da Administración autonómica de Galicia).

1.1. Persoas xurídicas:

a) Certificación do rexistro onde conste a súa constitución e os estatutos vixentes.

b) Documento acreditativo do poder con que actúa o representante en nome da entidade, en caso de que tal poder non conste na certificación, e copia compulsada do seu documento nacional de identidade.

c) Tarxeta de identificación fiscal.

1.2. Persoas físicas (orixinal ou copia compulsada):

a) Documento nacional de identidade do titular ou titulares solicitantes, así como do seu representante, se é o caso.

b) Declaración censual de alta en obrigas tributarias (modelo 037) na Axencia Estatal Tributaria, referida a todos os titulares, se é o caso.

2. Declaración, segundo modelo anexo II, de non atoparse afectado por ningún dos supostos considerados no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá ser presentada coa solicitude e no momento da xustificación de investimento realizado.

3. Identificación da empresa e declaración ambiental, conforme o anexo III.

4. Certificación expedida pola entidade bancaria, que acredite a existencia da conta da empresa, indicando o número de conta onde deberá facer o ingreso da subvención, en caso de ser concedida.

5. Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

6. Certificados emitidos pola Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia de non ter débedas con ningunha delas; de non presentar os certificados, autorízase o órgano xestor para solicitalos segundo o requirido nas correspondentes bases reguladoras. Non obstante, o

solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

7. Declaración de todas as axudas *de minimis* recibidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, conforme o anexo V.

8. Documentación técnica requirida no artigo 8º desta orde.

9. Acreditación que faga fe de que as actuacións comezadas con anterioridade á publicación da orde se iniciaron a partir do 3 de novembro de 2008.

Artigo 5º.-Actuacións subvencionables.

1. Concederanse subvencións a aqueles investimentos destinados ás instalacións para a prevención e redución da contaminación do ambiente. Poderán ser beneficiarios de subvención aqueles proxectos que ambientalmente propoñan:

a) Investimentos dirixidos á redución das emisións á atmosfera. (Exceptuadas gases GEI: gases efecto invernadoiro).

b) Melloras tecnolóxicas da instalación: redución de emisións; minimización de residuos.

c) Cambio nas materias primas ou produtos da empresa.

d) Reutilización ou valorización non enerxética na propia industria.

e) Investimentos dirixidos a xestores de residuos para mellora dos sistemas de admisión e control das entradas.

2. Cando o importe do gasto que se subvencionase supere os 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario, segundo dispón o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou á entrega do ben, salvo que, polas especiais características dos gastos que se subvencionan, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, quedando xustificada expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. Para a realización das actividades subvencionadas, permitirase a subcontratación da totalidade das actuacións, segundo as prescricións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás as que aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

Conforme co exposto, se a actividade concertada con terceiros excede do 20% do importe da subvención ou o dito importe é superior a 60.000 euros, a subcontratación queda condicionada a que o contra-

to se celebre por escrito e que a súa subscripción sexa autorizada polo órgano concedente da subvención.

Artigo 6º.-Gastos non subvencionables.

Non se considerarán subvencionables, ademais dos indicados na orde do Ministerio de Economía e Facenda 524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión, os seguintes conceptos:

1. O IVE satisfeito pola adquisición de bens e, en xeral, calquera outro imposto pagado pola entidade.
2. Gastos financeiros derivados do investimento.
3. Gastos non xustificadas correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, como poden ser estudos, proxectos ..., así como gastos non imputables directamente ao investimento.
4. Gastos de adquisición de terreos e adquisición ou construción de naves, así como aluguer de maquinaria ou *leasing*.
5. Gastos de persoal, tanto propio como externo.
6. Gastos imputables ao cumprimento dos requisitos exixidos pola lexislación ambiental vixente.

Artigo 7º.-Contía.

1. As subvencións poderán alcanzar ata un 50% do investimento subvencionable. En ningún caso esta subvención poderá ser superior a 60.101 euros.

Tanto nos investimentos anuais como nos plurianuais a contía da subvención non poderá ser superior a 60.101 euros.

2. Así mesmo, segundo o establecido no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006), a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros, durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Artigo 8º.-Documentación técnica que hai que presentar coa solicitude.

Xunto coa documentación presentárase a seguinte documentación técnica:

1. Proxecto de mellora ambiental, conforme o indicado no anexo IV. Pódese presentar en papel, en formato dixital, ou remitido por correo electrónico ao enderezo: tecnologia.ambiental.cma@xunta.es.

O modelo indicado no anexo IV pódese descargar na páxina web: <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>.

2. Factura/s ou factura pro forma de cada un dos conceptos orzamentarios dos investimentos que se van realizar. No caso de que estes investimentos sexan plurianuais, se indicárase as que corresponden a cada un dos períodos.

3. Calendario de prazos de execución, separando os que sexan plurianuais.

4. Así mesmo, farase constar se a empresa dispón dun sistema de xestión ambiental mediante adhesión ao sistema EMAS ou certificado conforme as normas internacionais ISO 14001.

Artigo 9º.-Criterios de avaliación.

1. As solicitudes avalíaranse en réxime de concorrencia competitiva e para avaliar a prioridade entre elas teranse en conta os seguintes criterios enumerados por orde decrecente de importancia:

1.1. Investimentos dirixidos á redución de emisións a atmosfera. (Exceptuadas gases GEI: gases efecto invernadoiro).

1.2. Investimentos dirixidos á mellora tecnolóxica ambiental da instalación.

1.3. Investimentos dirixidos a xestores de residuos para mellora dos sistemas de admisión e control das entradas.

1.4. Investimentos dirixidos ao cambio de materias primas ou produtos.

1.5. Investimentos dirixidos á reutilización ou valorización non enerxética na propia industria.

1.6. Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas, para as que se solicita a axuda, en cumprimento do disposto no artigo 20.2º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considerando os anteriores criterios, a comisión de avaliación creada polo artigo 10º desta orde estudará as solicitudes presentadas e avalíaraas tendo en conta os números 1) e 4) da documentación a que se refire o artigo 8º, puntuando do seguinte xeito:

Epígrafe 1): ata un máximo de 11 puntos.

Epígrafe 4): ata un máximo de 3 puntos se a empresa dispón dun sistema de xestión ambiental mediante adhesión ao sistema EMAS e de 1 punto se dispón dun certificado conforme as normas internacionais ISO 14001.

As solicitudes que non obtivesen unha puntuación mínima de 7 puntos entenderanse desestimadas.

3. A porcentaxe que se subvenciona de cada proxecto, tendo en conta que a contía máxima non poderá superar o establecido no artigo 7º, determinarase do seguinte modo:

3.1. Adscribirase cada solicitude admitida a un dos grupos definidos no número 1 deste artigo, adxudicando, segundo ao grupo a que pertenza, un coeficiente de ponderación polo que se multiplicará a puntuación obtida en valoración de cada solicitude. Deste modo asignárase á totalidade dos proxectos, a orde de prioridade establecida no número 1 deste mesmo artigo.

Grupo de priorización	Coefficiente de ponderación
Investimentos dirixidos á redución de emisións a atmosfera. (Exceptuadas gases GEI: gases efecto invernadoiro)	1
Mellora tecnolóxica ambiental da instalación	0,80
Investimentos dirixidos a xestores de residuos para a mellora dos sistemas de admisión e control das entradas	0,80
Cambio de materias primas ou produtos	0,60
Reutilización ou valorización non enerxética na propia industria	0,40
Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas, para as que se solicita a axuda, en cumprimento do disposto no artigo 20.2º 1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia	+0,10

3.2. Para realizar o cálculo da porcentaxe que se subvencionará de cada solicitude, establecerase unha relación lineal de proporcionalidade, considerando as puntuacións máximas e mínimas do conxunto de solicitudes, e asignarase a porcentaxe máxima de subvención á solicitude que obteña a máxima puntuación. A porcentaxe mínima será asignada ao proxecto que logre a cualificación mínima ponderada na valoración, e pertencente ao grupo de priorización máis baixo. Finalmente, calcularanse as porcentaxes correspondentes aos restantes proxectos con cualificacións intermedias de tal forma que a cantidade orzada indicada no artigo 18º sexa distribuída na súa totalidade entre todas as solicitudes de subvención admitidas.

Artigo 10º.-Comisión de valoración.

1. Para o estudo e selección das solicitudes de axudas constituirase unha Comisión de Valoración, presidida polo subdirector xeral de Tecnoloxía e Control Ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e composta polos seguintes membros:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental.

O subdirector xeral de Calidade Ambiental.

O xefe do Servizo de Tecnoloxía Ambiental, que actuará como secretario.

2. Cando, por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e, sempre que sexa posible, este nomeamento deberá recaer noutro funcionario da mesma subdirección xeral.

3. A comisión de valoración rexerese polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

4. A comisión de valoración, á vista da documentación presentada e dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º, emitirá informe proposta que servirá de base ao director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para ditar resolución.

5. Esta comisión de valoración, ademais de ter en conta o carácter plurianual do crédito, formulará a correspondente proposta de concesión ou denegación das axudas; proposta que se axustará ao disposto no artigo 9.5º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Se na consulta que realice esta Administración para comprobar a ausencia de débedas tributarias, coa Axencia Tributaria Estatal, a Seguridade Social, e coa Xunta de Galicia, obtívese informe negativo dunha empresa, por constar débedas pendentes con algún dos citados organismos, comunicáraselle ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez (10) días

para a emenda de tal defecto, procedéndose ao arquivo da solicitude se transcorrido o devandito prazo, non consta por medio do correspondente certificado que o defecto detectado fose emendado.

Artigo 11º.-Resolución de concesión.

1. As solicitudes de subvención serán resoltas polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no prazo máximo de seis meses desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme o disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes conforme prevé o artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2. O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo de 10 días, coas condicións específicas recollidas nesta orde. En caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación no prazo indicado, a subvención outorgada considerase tacitamente estimada.

Artigo 12º.-Alteracións das condicións da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 13º.-Publicidade das axudas.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, número 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Ademais a solicitude de axuda implicará a autorización á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para incluír os datos dos posibles beneficiarios no Rexistro Público de Subvencións, dependente da Consellería de Economía e Facenda, creado nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005,

do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

As resolucións de concesión da subvención incluíranse no dito Rexistro Público de Subvencións, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderará facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

4. Por outra banda, o beneficiario deberá dar a publicidade adecuada ás actuacións subvencionadas, ao abeiro do disposto no artigo 15.3º da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de modo que quede claro que estas as financia a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Así mesmo, en cumprimento do disposto nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, na antedita publicidade deberá indicarse que as actuacións as cofinancia o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), debendo cumprirse, ademais, os demais requisitos exixidos ao beneficiario no regulamento.

5. Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderará facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus dereitos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 14º.-Control e seguimento.

1. Constitúese unha comisión de seguimento integrada polos mesmos membros da comisión de valoración, que se encargará do control da execución da actividade obxecto da subvención.

2. A referida comisión poderará solicitar, en calquera momento e de xeito motivado, cantas aclaracións e informes sexan necesarios e convenientes e, no suposto de non ser formalizados nun prazo de 10 días, a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme prevé o artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerarase decaído no seu dereito ao trámite correspondente, segundo prevé o parágrafo 3º deste artigo 76.

Artigo 15º.-Acreditación de traballos realizados.

1. Para proceder ao cobramento das subvencións será indispensable a presentación, antes do 31 de outubro de 2009, para as actuacións obxecto de sub-

vención no ano 2009, de dúas (2) copias da seguinte documentación:

a) Informe final dos traballos realizados e investimento. O informe final debe realizalo e asinalo o técnico competente que realice a obra, subministre ou instale o equipo nas instalacións. A este informe engadirase a necesaria documentación técnica e unha reportaxe fotográfica que permita o seguimento e avaliación do investimento realizado.

b) Copia compulsada das facturas e dos xustificantes bancarios que acrediten o pagamento efectivo do dito investimento, que deberán estar debidamente acreditados ante a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que outorgará a súa conformidade.

c) No momento da xustificación da execución do proxecto o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas para un mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (Resolución do 30 de novembro de 1999, en que se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación das subvencións públicas).

d) De non autorizar a consulta de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, achegará as correspondentes certificacións de non ter débedas pendentes cos devanditos organismos ou administracións.

e) Declaración de non se achar incluso en ningún dos supostos previstos no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Deberá acreditar o beneficiario da subvención o compromiso de manter o investimento de que se trate ou emprego ligado a este durante o período mínimo de cinco anos, así como non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas pola normativa europea.

g) O solicitante verase obrigado a comunicar calquera das modificacións que se teñan en conta para ditar a resolución de aprobación da subvención solicitada, en especial, as relativas ao previsto no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 23 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Certificación bancaria conforme o anexo VI.

i) Declaración de todas as axudas *de minimis* recibidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, conforme o anexo V.

2. Para as subvencións correspondentes ao ano 2010, a documentación requirida no artigo 15.1º desta orde se presentará antes do 31 de outubro de 2010.

Artigo 16º.-Pagamento.

1. Acreditados os traballos realizados, no prazo e na forma prevista no artigo anterior procederá a tramitar o pagamento correspondente, tendo en conta que o beneficiario deberá estar ao día no cumpri-

mento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter débedas coa comunidade autónoma, tanto no momento de ditarse proposta de resolución de concesión coma con anterioridade ao seu pagamento.

2. Para os investimentos plurianuais poderanse efectuar pagamentos parciais, a conta da liquidación que se perciba, cumprindo os requisitos que para este efecto determinan os artigos 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 17º.-Redución do pagamento.

No suposto de que o investimento ou a actividade realizada tivesen un custo inferior ao inicialmente previsto, a subvención concedida verase diminuída nunha porcentaxe proporcional.

Artigo 18º.-Aplicación orzamentaria.

Para a concesión das subvencións convocadas nesta orde destinaranse ata un máximo de 1.400.000 euros que se imputarán na aplicación orzamentaria 15.03.541D.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2009, e de 980.000 euros dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2010.

A devandita contía poderá incrementarse despois, se é o caso, de tramitar o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

Así mesmo, poderá incrementarse con remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo o mesmo crédito, ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co que se establece no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-Compatibilidade de subvencións.

1. A axuda contida nesta orde é compatible con outras subvencións ou axudas de calquera Administración pública. O importe das axudas non poderá, en ningún caso, illada ou conxuntamente con outras, superar o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

2 En calquera caso, todos os investimentos realizados ao abeiro desta orde deberán manterse durante un período mínimo de cinco anos.

Artigo 20º.-Reintegro.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións reguladas nesta orde e dos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e rexistro e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non se poderá exixir o pagamento da subvención ou subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida, xunto cos

xuros de mora xerados desde o pagamento, nos casos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención ou subvención pública.

3. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións a que se refire o artigo 19º supere o custo do investimento que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 21º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, os beneficiarios das subvencións previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control, segundo o indicado no artigo 14.1ºk) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-Recursos.

A resolución da axuda porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpor consonte dispoñen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo; ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Artigo 23º.-Infraccións e sancións.

1. O réxime de infraccións e sancións o establecido nesta orde é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición adicional

Única.-Delégase no director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contidas no seu artigo 11, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para ditar cantas disposicións complementarias sexan precisas para o desenvolvemento e interpretación desta orde, en especial as relativas a ampliacións de prazos prevista na orde, agás a de presentación de solicitudes de axuda.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
 Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Guía para a elaboración do proxecto de mellora ambiental

Esta guía ten por obxecto facilitar ás empresas a preparación e presentación das memorias de solicitude á convocatoria, debéndose entender como unha proposta sobre a cal as empresas poidan engadir toda a información adicional que consideren.

Así mesmo, o seguimento destas directrices na elaboración das memorias facilitarán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a súa valoración, aplicando o principio de concorrencia competitiva.

2.1. Título do proxecto:

2.2. Perfil ambiental da empresa/instalación:

2.2.1. Estratexias de mellora ambiental para os próximos tres anos: tendo en consideración a situación actual da planta en que estratexias se apoiará para a mellora ambiental (por exemplo: redución de emisións de CO₂; eficiencia enerxética; uso sustentable da auga;... Cada empresa debe establecer as súas propias). Para cada unha das liñas estratéxicas expoña cal é o seu plan de acción e os seus obxectivos de forma cuantitativa (por exemplo: reducir en tres anos o consumo de auga en proceso nun 15% mediante a instalación dun sistema de recirculación). Indicar obxectivos cuantificables, prazos e orzamentos e solucións tecnolóxicas previstas.

2.2.2. ¿Dispón dun sistema de xestión ambiental implantado ou en fase de implantación? Indique se é UNE-EN-ISO-14001, Regulamento EMAS 761 ou outro:

Si Non En fase de implantación:

2.2.3. ¿Existe departamento de medio? En caso de que si exista, ¿cal é a súa composición en número de persoas?


A: Si Composición: B: Non

2.3 Análise da situación de partida e da problemática ambiental que se pretende mellorar.

2.3.1. Análise do proceso produtivo sobre o que se pretende aplicar a mellora.



Estudaranse os diferentes procesos que teñen lugar na empresa, dividíndoos en procesos principais (aqueles onde se fabrica o produto) e procesos auxiliares (aqueles que non interveñen na fabricación do produto, pero que fan posible a súa fabricación, como, por exemplo, a limpeza das instalacións, a fabricación propia dun compoñente do produto, a depuración de efluentes, etc). Unha vez analizado o sistema produtivo da empresa en procesos principais e auxiliares, hai que proceder á división destes nas súas etapas e subetapas. Aconséllase realizar unha división moi minuciosa nas etapas, asignándolles un número de orde e un código de identificación que se manterá ao longo da memoria.

Esquema I: para representar as etapas do proceso produtivo, sinale en cal aplicará a mellora ambiental:



Unha vez analizado o proceso en etapas, identifícanse aquelas en que se van realizar as melloras e analizaranse as entradas e saídas indicando a procedencia de cada entrada e o destino final das saídas, para, desta forma, identificar os impactos ambientais que xera esa etapa do proceso produtivo. Do mesmo modo, deberanse citar as posibles problemáticas existentes e repercusións das melloras ambientais que se levarán a cabo a nivel interno, local ou da contorna da instalación (por exemplo: redución de olores nas inmediacións, menor caudal de vertedura a un río...).

Esquema II para a realización da análise ambiental dunha etapa do proceso. Realización do diagrama de fluxo para cada etapa do proceso (úsense tantas follas como considere necesario).

Empresa:**Responsable:**

OBSERVACIÓNS (tamén indique problemáticas existentes e repercusións das melloras):

Lenda do esquema II (para a realización da análise ambiental dunha etapa do proceso. Realización do diagrama de fluxo para cada etapa do proceso).

(2) Orixe:

Para subministración eléctrica indicar:
Externo: se procede de rede eléctrica
Interno: se procede de coxeración, enerxías renovables
 Para abastecemento de auga indicar:
Externo: se procede de rede pública ou de captación directa
Interno: se procede de acuíferos propios (pozos, etc.)
 Para o resto de materias e subministracións indicar:
Externo: se proceden de provedores
Interno: se proceden de subprocesos internos da empresa
 En caso de non ser ningunha das opcións anteriores, indicar especificamente.

(3) Entradas: indíquese a relación de todas as entradas da etapa en estudo (materias primas, enerxía, aditivos, etc.)

(4) Saídas: indíquese a relación de todas as saídas da etapa en estudo (produtos, emisións, verteduras, etc)

(1) Indíquese o código do proceso e nº da etapa considerada

(5) Destino final: indíquese cun dos seguintes destinos, o destino final que se lle dá á saída considerada:

- Produto, elemento cuxo destino é a entrada na seguinte etapa, ou a súa disposición no mercado
- Subproduto que se reintegra ao proceso produtivo
- Subproduto que se comercializa como materia prima para outras empresas
- Residuos entregados a xestor autorizado
- Residuos entregados ao sistema de recollida municipal
- Residuos sen xestión específica
- Emisión atmosférica sometida a procesos de depuración
- Emisión atmosférica sen tratamento
- Efluente enviado a procesos de depuración na propia empresa
- Efluente vertido á rede de saneamento municipal que posúe depuradora
- Efluente vertido á rede de saneamento municipal que carece de depuradora
- Efluente vertido directamente ao medio receptor

2.3.2. Valores ambientais actuais.

Para o proceso, ou subproceso, sobre o que se pretende aplicar a mellora, indique cal é a situación ambiental actual, tanto en termos de xestión (como se está a facer) coma de resultados (indicadores e parámetros de residuos, emisións, etc.). Pódense incluír resultados de análíticas ou ensaios.

Do mesmo modo, mencione os beneficios esperados detallando se favorecerán a propia instalación, traballadores, ámbito próximo, etc.

2.4. Análise da mellora que se vai implantar:

2.4.1. Estado da técnica (expoña, para o problema ou necesidade que pretende resolver na súa instalación, cal é a situación das tecnoloxías que se están a usar a nivel nacional e internacional). No caso de que dispoñan de BREF sectoriais (documentos nos que se expoñen as mellores técnicas dispoñibles para diversos sectores industriais adoptados ben pola UE, ou ben polo Ministerio de Medio Ambiente), débese facer referencia deles. Pódense achegar catálogos de provedores ou artigos/informes técnicos.

2.4.2. Descrición das solucións/alternativas valoradas no caso concreto da súa instalación e xustificación da solución seleccionada. Pódense achegar catálogos ou proxectos de provedores en formato papel ou CD).

2.4.3. Beneficios esperados da implantación da mellora. Expoña cales son os resultados esperados, tanto desde o punto de vista produtivo (custos de operación, enerxéticos,...) como ambiental (valores de referencia de residuos, de emisións, ...). Efectúe unha comparativa en termos absolutos e relativos (por exemplo respecto á produción da planta ou ao volume de materias consumidas), da situación ambiental antes e despois da implantación da mellora.

2.4.4. Valore se a mellora que se implanta, ou as solucións avaliadas, son exportables a outras instalacións propias ou do sector. Indique se ten previsto efectuar actividades de presentación ou difusión (xornadas, artigos,...) da solución adoptada.

2.5. Planos e/ou memorias técnicas do proxecto:

Achegue, en caso de ser necesario, o proxecto de enxeñaría e os planos da solución. (En formato papel ou CD).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I

**UNIÓN
EUROPEA
FEDER**



PROCEDEMENTO <i>AXUDAS A EMPRESAS QUE REALICEN INVESTIMENTOS ENCAMIÑADAS Á PREVENCIÓN E REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN A TRAVÉS DE MELLORAS TECNOLÓXICAS, APLICADAS A PROCESOS, CAMBIOS NAS MATERIAS PRIMAS E /OUPRODOTOS, ASÍ COMO Á REUTILIZACIÓN OU VALORIZACIÓN NON ENERXÉTICA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA968A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA <input type="text"/>						CIF/NIF <input type="text"/>
ENDEREZO SOCIAL <input type="text"/>			PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>		
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

OBXECTO DA SOLICITUDE

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS PARA A PREVENCIÓN E REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN DO MEDIO

PRESENTOU ESTE PROXECTO A OUTRA CONVOCATORIA DE AXUDAS? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			
ORGANISMO <input type="text"/>	PROGRAMA DE AXUDA <input type="text"/>	SITUACIÓN S.P.D.: solicitada e pendente de decisión S.C.: solicitada e concedida <input type="text"/>	CONTÍA SOLICITADA OU CONCEDIDA <input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> A QUE SE INDICA NO ARTIGO 4º DESTA ORDE
<input type="checkbox"/> A QUE SE INDICA NO ARTIGO 8º DESTA ORDE

Autorízase a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a comprobar para as axudas, o cumprimento, polo solicitante, das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda Pública da Xunta de Galicia.
Se para a tramitación do procedemento derivado da presentación desta solicitude fose necesario acreditar os datos de carácter persoal que figuran no documento nacional de identidade, presto consentimento expreso para a súa comprobación por medio de acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presto expresamente o meu consentimento para que a consellería publique no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e inclúa igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impor, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para o ano 2009 do réxime de concesión de subvencións a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <input type="text"/>		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO II

**UNIÓN
EUROPEA
FEDER**



PROCEDEMENTO AXUDAS A EMPRESAS QUE REALICEN INVESTIMENTOS ENCAMIÑADOS Á PREVENCIÓN E REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN A TRAVÉS DE MELLORAS TECNOLÓXICAS, APLICADAS A PROCESOS, CAMBIOS NAS MATERIAS PRIMAS E/OU PRODUTOS, ASÍ COMO A REUTILIZACIÓN OU VALORIZACIÓN NON ENERXÉTICA.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA968A	DOCUMENTO DECLARACIÓN
---	---	-------------------------------------

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don/Dona , con DNI , solicitante dunha subvención en representación de , ao abeiro da Orde do.....de.....de....., pola que se establecen axudas a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas, aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, e á reutilización ou valorización non enerxética.

DECLARA:

- Que cumpre os requisitos establecidos na normativa en vigor para obter a condición de beneficiario e non incorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño)
- Que se compromete a non vender, ceder nin doar o uso dos equipamentos subvencionados, antes de cinco anos, en concordancia co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a empresa para a que solicita a axuda cumpre todos os requisitos para a consideración de PEME conforme o Regulamento (CE) 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro, e non se atopa en crise nin está sometida a un proceso de quebra, insolvencia ou concursal.

En ,

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:



IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA E DECLARACIÓN AMBIENTAL

1.1 Datos da empresa solicitante

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE						CIF/NIF
<input type="text"/>						<input type="text"/>
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO		
<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	EXTENSIÓN	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO RESPONSABLE DO PROXECTO

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
ENDEREZO					PROVINCIA	
<input type="text"/>					<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	TELÉFONO	EXTENSIÓN	FAX		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
EN CALIDADE DE				CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>				<input type="text"/>		

1.2 Datos da instalación para a que se solicita subvención:

DENOMINACIÓN	
<input type="text"/>	
RAZÓN SOCIAL (NO CASO DE TER ENTIDADE XURÍDICA PROPIA)	CNAE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
SITUACIÓN (INDIQUE TODAS AS INSTALACIÓNS DE QUE DISPOÑA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, OU NAS QUE PARTICIPE NO CAPITAL):	
<input type="text"/>	
DESCRICIÓNS DA ACTIVIDADE DA INDUSTRIA E PRODUTOS:	
<input type="text"/>	
EQUIPO:	FACTURACIÓN:
<input type="text"/>	<input type="text"/>

1.3 Perfil da empresa:

Expoña cales son os seus principais produtos o subprodutos, así como os principais mercados ou clientes cos que opera, o volume de negocio que ten e calquera outra información que considere relevante.

1.4. Información ambiental básica da instalación:

A.- Dispón a empresa de autorización de vertedura de augas residuais á canle pública-rede de saneamento?		
<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Non é necesario ou en trámite
Nº de autorización: <input type="text"/>		
B.- Xera residuos perigosos?		
<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> Non	
Nº de rexistro ou nº de autorización: <input type="text"/>		

1.5 Declaración xurada:

Don/Dona , con DNI , en representación da empresa , con CIF

declara que son certos os datos indicados e que a empresa que represento cumpra coa lexislación ambiental vixente que afecta as nosas actividades.

,

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE

ANEXO V

PROCEDEMENTO AXUDAS A EMPRESAS QUE REALICEN INVESTIMENTOS ENCAMIÑADOS Á PREVENCIÓN E REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN A TRAVÉS DE MELLORAS TECNOLÓXICAS, APLICADAS A PROCESOS, CAMBIOS NAS MATERIAS PRIMAS E/OU PRODUTOS, ASÍ COMO A REUTILIZACIÓN OU VALORIZACIÓN NON ENERXÉTICA.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA968A	DOCUMENTO DECLARACIÓN
---	---	---------------------------------

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don/Dona con DNI

solicitante dunha subvención en representación de

A empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.

DECLARA
 (Indicar SI/NON a opción que proceda e cubrir, se é o caso, os espazos correspondentes)

SI NON Recibiu durante os dous anos anteriores axudas *de minimis* das administracións públicas.
 En caso afirmativo indicar no cadro seguinte as administracións públicas/organismos que concederon as axudas *de minimis*, anualidades e contía.

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SI NON Durante o presente ano solicita axudas *de minimis* das administracións públicas.
 En caso afirmativo indicar no cadro seguinte as administracións públicas/organismos que concederon as axudas *de minimis*, anualidades e contía.

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:

ANEXO VI

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
BANCO			
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Asdo.:

Asdo.:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

**ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

Resolución do 4 de marzo de 2009 pola que se convoca un curso de especialización en salvamento e socorrismo acuático.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009 e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso de especialización en salvamento e socorrismo acuático, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: salvamento e socorrismo acuático.

Tipo: curso especialización.

Horas lectivas: 80.

Modalidade: presencial.

Obxectivos: dotar o persoal de protección civil e emerxencias dunha formación teórico-práctica que lle facilite a realización das tarefas que teña encomendadas, adquirindo unha maior destreza e coñecementos suficientes no salvamento e socorrismo acuático de persoas en situacións difíciles.

Contido:

Trataranse diversos temas relacionados cos seguintes apartados:

- a) Introducción. Conceptos xerais.
- b) Salvamento e socorrismo acuático.
- c) Técnicas de extracción de accidentados. Salvamento acuático en espazos naturais.
- d) Primeiros auxilios. Soporte vital básico. Soporte vital básico pediátrico. Traumatismos. Picaduras e mordeduras. Lesións por axentes externos.